



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 6 DE OUTUBRO DE 2016

### **Presidente:**

Don Antonio Fernández Angueira.

### **Concelleiras e concelleiros presentes:**

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

### **Concelleiras e concelleiros ausentes:**

Don Francisco García Dios.

### **Secretaria:**

Dona Ana María Ares Álvarez.

### **Interventora:**

Dona Eva María Casal Sanjurjo.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día seis de outubro de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do señor alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

## ORDE DO DÍA

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 22 DE SETEMBRO DE 2016.**

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o vinte e dous de setembro de dous mil dezaseis por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

### **2.- NOMEAMENTO DE DON MANUEL CARRAMAL SILVA COMO PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO DO CONCELLO DE PADRÓN PARA PROVEER TRANSITORIAMENTE O POSTO DE TRABALLO DE TÉCNICO DE XESTIÓN DE SECRETARÍA, CÓDIGO 01.00.08, EXPTE. 09/2015-SPFI.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 4 de outubro de 2016:

#### **<<Antecedentes administrativos.**

Primeiro. Por acordo do Pleno da Corporación Municipal do 28 de agosto do 2014 creouse o posto de traballo de técnico de xestión de secretaría (código 01.00.08) e a correspondente praza de persoal funcionario no cadro de persoal que integra o Orzamento Municipal para o exercizo 2014, aprobado na

mesma sesión plenaria.

Segundo. O anterior acordo resulta modificado na sesión plenaria realizada o 30 de xullo de 2015 e foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 202, do 22 de outubro de 2015.

Terceiro. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de novembro de 2015 convocouse o procedemento de selección mediante o sistema de concurso-oposición de persoal funcionario interino para proveer transitoriamente o devantido posto e aprobáronse as bases que rexerán o mesmo, expte. 09/2015-SPFI.

Cuarto. A convocatoria e bases publícanse no BOP nº 237 do 11 de decembro de 2015 e no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web ese mesmo día. A convocatoria exclusivamente publícase ademais no DOG nº 6 do 12 de xaneiro do 2016 e no BOE nº 25, do 29 de xaneiro do 2016.

Quinto. Presentadas as instancias, por Resolución do Alcalde nº 317/2016, do 26 de maio, apróbbase a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, noméase ao Tribunal cualificador e convócase o acto de constitución do mesmo para o día 6 de xuño do 2016.

Sexto. Realizado o proceso de selección, o 29 de agosto do 2016 o Tribunal acorda outorgar as puntuacións finais ás persoas aspirantes que superaron o proceso, propón o nomeamento a favor de don Manuel Carramal Silva ao resultar a persoa aspirante que obtivo a maior puntuación e aproba a listaxe de reserva prevista no apartado 5 da base 12.

Sétimo. O 9 de setembro publícase o anterior resultado no BOP nº 172, no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web, e o 29 de setembro do 2016 o señor Carramal Silva presenta, dentro do prazo previsto para elo, a documentación que se relaciona na base 13 das que rexen este procedemento.

#### **Fundamentos de dereito.**

Primeiro. Considerando a proposta do Tribunal cualificador do 29 de agosto do 2016 e o previsto na base 14 das que rexeron este procedemento que di:

*"14.1. Cumprido o requisito anterior o órgano competente procederá ao nomeamento da persoa proposta como funcionaria interina e este nomeamento farase público no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Diario Oficial de Galicia, no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello.*

*14.2. A persoa nomeada deberá tomar posesión no prazo de tres (3) días hábiles seguintes ao da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia."*

Segundo. Considerando que o artigo 61 da Lei 2/2015, 29 de abril, do empregado público de Galicia (LEPG), recolle que *"a adquisición da condición de persoal funcionario interino exige, unha vez seleccionado nos termos previstos na alínea primeira do artigo 24, ademais do correspondente nomeamento, o cumprimento sucesivo dos requisitos establecidos nas letras d) e e) do artigo 60"*, é dicir:

*"d) Acto de acatamento da Constitución, do Estatuto de autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como de compromiso de exercer con imparcialidade as súas funcións.*

*e) Toma de posesión dentro do prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento."*

Terceiro. Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local, e no artigo 7 do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, delegadas na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

#### **Propoño á Xunta de Goberno Local:**



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tf: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

**Primeiro.** Nomear persoal funcionario interino do Concello de Padrón a don Manuel Carramal Silva por ser a persoa que obtivo unha maior puntuación no concurso-oposición convocado para proveer transitoriamente o posto de técnico de xestión de secretaría, expte. 09/2015-SPFI, de acordo coa proposta formulada polo Tribunal cualificador do 29 de agosto de 2016.

**Segundo.** Facer público o presente nomeamento no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Diario Oficial de Galicia, no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello.

**Terceiro.** Dar traslado do presente acordo ao Delegado de persoal deste Concello e á intervención municipal.

**Cuarto.** Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde deste Concello, no prazo dun mes contado desde o día de publicación das bases ou da convocatoria no Boletín Oficial correspondente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 6 de setembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

**3.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE RENOVACIÓN DE CARPINTERÍAS E REPARACIÓN DE FACHADAS DE INMOBLE SITO NA AVENIDA CAMILO JOSÉ CELA Nº 48, FORMULADA POR DON HÉCTOR CRUCES SAAVEDRA. EXPEDIENTE 80/2016/LU.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 4 de outubro de 2016:

**<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:**

**Primeiro.** En data 27 de abril de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 3683, solicitude de licenza municipal de obras para renovación de carpinterías e reparación de fachadas de inmovible sito na avenida Camilo José Cela nº 48, con referencia catastral 002403100NH23D0000SR, formulada por D. Héctor Cruces Saavedra. Achégase coa solicitude memoria descritiva e orzamento, datos catastrais e fotografías do inmovible obxecto de actuación así coma ortofoto e despece das carpinterías.

**Segundo.** En data 11 de maio de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas referindo a necesidade de contar con autorización da Consellería de Cultura, Servizo de Patrimonio para as mesmas.

**Terceiro.** En data 18 de maio de 2016 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto con copia do expediente administrativo aos efectos de tramitar a correspondente autorización sectorial.

**Cuarto.** En data 29 de xullo de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6800, resolución sobre unha intervención no Camiño de Santiago do xefe do Secretario Xeral Técnico da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 20 de xullo de 2016, que autoriza as obras solicitadas con certas condicións referidas ás carpinterías.

**Quinto.** En data 4 de agosto de 2016 remítese requirimento ao interesado das emendas referidas na autorización sectorial.

**Sexto.** En data 22 de agosto de 2016 o interesado achega copia de recurso interposto contra a resolución de 20 de xullo de 2016 do Secretario Xeral Técnico da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**Sétimo.** En data 21 de setembro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 8128, traslado de copia de resolución do Secretario Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que estima parcialmente o recurso interposto.

**Oitavo.** En data 26 de setembro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 8539, escrito do interesado no que se achega modificación do orzamento no que se recollen as emendas derivadas da resolución sobre unha intervención no Camiño de Santiago do xefe do Secretario Xeral Técnico da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 20 de xullo de 2016 tendo en conta así mesmo a estimación parcial do recurso interposto contra a mesma, así coma autorización da Demarcación de estradas do estado en Galicia para a intervención.

**Noveno.** En data 27 de setembro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite informe complementario favorable ás obras solicitadas.

**Décimo.** En data 3 de outubro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa favorablemente as obras solicitadas.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** En base ao disposto no informe do arquitecto técnico municipal de data 11 de maio de 2016 e o do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 27 de xuño de 2016, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC), en concreto tendo en conta o contido literal do segundo dos informes mencionados, tal e coma segue:

*Primeiro. Con carácter previo debemos facer constar que en data 19 de marzo de 2016 entrou en vigor a lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que deroga a lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG). Isto quere dicir que á data de iniciación do expediente xa estaba en vigor a nova normativa, que resultará de aplicación ao mesmo.*

*O indicado ten relevancia dado que unha das novidades da lei resulta ser que coma consecuencia da dualidade de títulos habilitantes para levar a cabo obras ou usos do solo e subsolo, entre comunicacións previas e actos sometidos a licenza municipal, e coma consecuencia de estaren reservadas as anteriormente denominadas obras menores, de escasa entidade construtiva e económica, ao réxime de comunicación previa, desaparece da nova normativa a excepción da obriga de achegar proxecto técnico completo redactado por técnico competente cando se trataba de obras menores, no entendido de que ao se tratar dun acto sometido a licenza pola súa maior complexidade, todas estas obras precisarán de tal proxecto.*

*Sucede sen embargo que no caso que nos ocupa, ao día da iniciación do expediente aínda non se tiña establecido un novo procedemento no servizo municipal de urbanismo que solventase o problema dos actos de uso do solo e subsolo solicitados dentro das zonas de protección en materia de patrimonio histórico.*

*Xa se puxo de relevancia en numerosos informes que a introducción das comunicacións previas contaba cunha importante traba procedimental cando se trataba de obras de escasa entidade no ámbito dun Ben de Interese Cultural ou ben nas zonas definidas polo planeamento coma sometidas a autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico. Isto era así debido a que obras que en principio pola súa entidade estarían sometidas ao réxime de comunicación previa, non podían presentarse de forma completa dado que tales intervencións requirían unha autorización sectorial que tiña que ser tramitada a través do Concello. Combinando as opcións disponibles coa lei 9/2002, optouse por tramitar tales solicitudes coma licenza municipal, de xeito que se tramitase polo Concello a correspondente autorización sectorial contando xa co informe técnico municipal favorable. O feito de que foran obras menores implicaba que estaban excluídas da necesidade de aportación de proxecto técnico completo.*

*Este sistema non se pode manter na actualidade debido a que o artigo 143.3 da Lei do Solo de Galicia somete a tódalas solicitudes de licenza sen excepción á obriga de achegar o devandito proxecto técnico completo. Na actualidade, dende o departamento de urbanismo se está a elaborar un formulario de solicitude de informe previo e de tramitación da autorización sectorial en materia de patrimonio que os*



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

*interesados promoverán perante o Concello para, unha vez recibida a autorización sectorial, proceder a achegar a oportuna comunicación previa.*

*No caso que nos ocupa, debido á demora na adaptación dos citados procedementos administrativos, o expediente se tramitou polos canles definidos con anterioridade á entrada en vigor da Lei do Solo, co cal nos atopamos perante unha solicitude de licenza que non conta con proxecto técnico completo redactado por técnico competente. Isto incumpre o disposto no referido artigo 143.3 da Lei do Solo de Galicia.*

**Segundo.** Polo exposto, entendemos que procede neste punto plantexar o xeito de reconducir a tramitación do expediente de xeito que éste discorra polo procedemento establecido. O artigo 146.1 da Lei do Solo de Galicia refire a documentación a achegar xunto coa comunicación previa.

*– Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exixible: No presente caso, se refiren tódalas características do acto na solicitude, memoria orzamentos e informe técnico municipal.*

*– Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Non se conta coa devandita manifestación expresa, se ben se verifica a través do informe técnico que a intervención se axusta á ordenación urbanística en vigor.*

*– Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Cóntase coa resolución sobre unha intervención no Camiño de Santiago do xefe do Secretario Xeral Técnico da Xefatura Teritorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 20 de xullo de 2016, así coma coa resolución do Secretario Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 16 de setembro de 2016 que estima parcialmente o recurso interposto. Por último, se conta coa autorización da Demarcación de estradas do estado en Galicia para a intervención de data 25 de xullo de 2016. A licenza quedará sometida ao condicionado xeral e particular das devanditas autorizacións sectoriais, non sendo necesarias, conforme o disposto no informe técnico municipal, outras autorizacións ou informes sectoriais para a intervención pretendida.*

*– Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.*

*Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constrinximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación. En canto ás autorizacións sectoriais, remitímonos ao punto terceiro.*

*Polo tanto, conxugando o principio de eficacia que debe presidir tódala actividade administrativa, teríamos dúas opcións: ou ben requirir ao solicitante para que presente a correspondente comunicación previa, o que depararía unha nova dilación na tramitación do expediente, dilación non imputable en ningún caso ao interesado, xa que unha vez presentada a comunicación previa o interesado deberá agardar 15 días hábiles para acometer as obras, de conformidade co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo de Galicia, ou ben considerar as circunstancias do caso e dado que a intervención cumpre con toda a normativa urbanística, conta con tódolos informes sectoriais de aplicación e o solicitante ten manifestado de forma indubitada a súa vontade de acometer as obras, outorgar a licenza solicitada sen máis trámites.*

*Inclinámonos por esta derradeira opción. As deficiencias de orde técnico ou procedimental non deben*

*repercutir no administrado, e debemos ter en conta que as licenzas de obras supoñen o recoñecemento dun dereito, e que a actividade da administración se limita a comprobar a concorrencia dos requisitos para obter unha licenza, estando obrigada a outorgar a mesma se as obras se axustan á normativa urbanística de aplicación. Neste senso, e dado que se conta con tódalas autorizacións sectoriais, e que a o solicitante consta con tódolos seus datos personais, e que a intervención está exenta conforme a lei de ordenación da edificación de contar cun proxecto técnico, non se deben introducir dilacións indebidas, concluíndo o expediente cun acto administrativo habilitante para levar a cabo as obras solicitadas.*

**Terceiro.** O inmovible obxecto de actuación sitúase en terreos cualificados polo planeamento municipal coma SOLO URBANO RESIDENCIAL DE VIVENDA FAMILIAR EN EDIFICACIÓN INTENSIVA (URFI).

*O planeamento municipal non se atopa adaptado á LOUG, polo que debemos aplicar o réxime transitorio establecido pola Lei do Solo de Galicia para tal suposto. Nos casos de terreos clasificados coma urbanos polo planeamento non adaptado, lles resulta de aplicación o disposto pola Lei do Solo para o solo urbano consolidado.*

*O uso previsto polo planeamento para o solo URFI é o residencial e outros usos compatibles. A intervención, isto é, a adaptación completa do cuarto de baño para persoas con mobilidade reducida, é compatible co uso principal do inmovible e as condicións de edificación para o mesmo.*

**Cuarto.** A finca obxecto de actuación se sitúa dentro de protección dun Ben de Interese Cultural (BIC) establecida polo Real Decreto 3266/1977, do 11 de novembro, polo que se declara Paraxe Pintoresca o entorno no que se integran a casa de Rosalia de Castro, a Colexiata de Iria Flavia e o cemiterio de Adina.

*A inclusión nun conxunto histórico calificado coma BIC conleva a obriga de contar co informe favorable da Comisión Territorial de Patrimonio da Consellería de Cultura, conforme ó establecido no artigo 47.1 da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia. No presente suposto cóntase coa resolución sobre unha intervención no Camiño de Santiago do xefe do Secretario Xeral Técnico da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 20 de xullo de 2016, así coma coa resolución do Secretario Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 16 de setembro de 2016 que estima parcialmente o recurso interposto. A este respecto, polo promotor das obras se achegou documentación complementaria xustificativa do axuste das obras proxectadas ao contido da resolución inicial tendo en conta a estimación parcial do recurso interposto, polo que a intervención non contravén os parámetros urbanísticos ou de conservación do inmovible.*

**Quinto.** Non son necesarias outras autorizacións sectoriais para a intervención solicitada, tendo en conta que se achegou así mesmo autorización da Demarcación de estradas do estado en Galicia para a intervención de data 25 de xullo de 2016.

**Segundo.** Considerando que o órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

#### **PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Outorgar a D. Héctor Cruces Saavedra licenza municipal de obras para renovación de carpinterías e reparación de fachadas de inmovible sito na avenida Camilo José Cela nº 48, con referencia catastral 002403100NH23D0000SR, expediente 80/2016/LU, conforme os orzamentos e memoria explicativa achegados.

**Segundo.** En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO RESIDENCIAL DE VIVENDA FAMILIAR EN EDIFICACIÓN INTENSIVA (URFI), solo urbano consolidado conforme o réxime transitorio da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: renovación de carpinterías e reparación de



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

fachadas de vivenda.

c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.

d) Contía na que se orzan as obras: 11.730,00 euros. (sen IVE)

e) Situación e emprazamento das obras: Avenida Camilo José Cela nº 48, Padrón.

f) Nome ou razón social do promotor: D. Héctor Cruces Saavedra

g) Técnico autor do proxecto e director das obras: non procede.

h) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de tres (3) meses e terse rematadas no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto administrativo que outorgue a licenza, non puidendo interromperse as mesmas por un tempo superior a seis (6) mese. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG).

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Quinto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 6 de setembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

**4.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS PARA AMPLIACIÓN DE REDE DE DISTRIBUCIÓN DE GAS NATURAL NA RÚA REAL Nº 20, FORMULADA POR GAS GALICIA S.D.G., S.A. EXPEDIENTE 210/2015/LU.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 4 de outubro de 2016:

**<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 15 de decembro de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 10729, solicitude de licenza municipal de obras de para ampliación de rede de distribución de gas natural e acometida directa na rúa real nº 20, formulada por GAS GALICIA SDG, S.A.. Achégase coa solicitude plano de situación e orzamento das obras.

**Segundo.** En data 15 de febreiro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa as obras solicitadas requirindo a emenda da solicitude dado que non se atopa dentro do proxecto de autorización conxunta anual para as instalacións de gas natural.

**Terceiro.** En data 16 de febreiro de 2016 remítese requirimento ao interesado das emendas referidas no informe técnico municipal.

**Cuarto.** En data 7 de marzo de 2016 o ten entrada no Concello, con número de rexistro 2033, escrito do solicitante en resposta ao requirimento recibido que adxunta proxecto técnico titulado "Proyecto de ampliación de red de Gas Natural en el Municipio de Padrón (A Coruña) Calle Real 20 (GDE41015120005), redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. José Luis Sousa López e visado dixitalmente polo Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia en data 25 de febreiro de 2016, con número de visado dixital 20160429. Achégase así mesmo aceptación da dirección facultativa das obras e nomeamento de Coordinador de Seguridade e saúde.

**Quinto.** En data 28 de abril de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas referindo a necesidade de tramitar o expediente perante o Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria así coma o depósito dun aval por importe de 331,20 euros pola ocupación e afectación de servizos de carácter público.

**Sexto.** En data 3 de maio de 2016 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia aos efectos de obter a preceptiva e previa autorización sectorial.

**Sétimo.** En mesma data remítese requirimento ao interesado do aval referido no informe técnico municipal.

**Oitavo.** En data 9 de xuño de 2016 o solicitante achega o aval requirido.

**Noveno.** En data 21 de xuño de 2015 ten entrada no Concello resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 17 de xuño de 2016, favorable ás obras solicitadas coa presentación dun proxecto de control arqueolóxico.

**Décimo.** En data 28 de xullo de 2016 o interesado achega proxecto de control arqueolóxico.

**Décimo primeiro.** En data 26 de agosto de 2016 o proxecto é remitido ao Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Departamento territorial da Coruña, aos efectos de tramitar a súa autorización.

**Décimo segundo.** En data 21 de setembro de 2016 ten entrada no Concello resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria autorizando o proxecto de control arqueolóxico.

**Décimo terceiro.** En data 3 de outubro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa as obras solicitadas.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** En virtude do disposto polo artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC), tómase coma base para a presente resolución o informe técnico de data 28 de abril de 2016 e o informe xurídico de data 3 de outubro de 2016, que refire literalmente:

*"Primeiro. As obras solicitadas consisten nunha canalización de gas natural de 24 metros de lonxitude e unha acometida directa á mesma para abastecemento a un edificio residencial.*

*De acordo co disposto no artigo 142.2 apartado b) da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (En adiante LSG), as intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos*





# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

*están sometidos a licenza municipal. E no caso que nos ocupa a intervención se sitúa na rúa Real, en pleno casco histórico da Vila de Padrón, incluída no entorno dun Ben de Interese Cultural paraxe pintoresca, composto polo cemiterio de Adina, a Colexiata de Iria Flavia, a casa natal de Rosalía de Castro e o Xardín Botánico da Vila, establecido polo Real Decreto 3266/1977, do 11 de novembro.*

*Por outra banda, o artigo 143.3 da LSG refire que as licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberán acompañarse de proxecto técnico completo redactado por técnico competente.*

*Neste senso, consta no expediente achegado proxecto técnico titulado "Proyecto de ampliación de red de Gas Natural en el Municipio de Padrón (A Coruña) Calle Real 20 (GDE41015120005), redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. José Luis Sousa López e visado dixitalmente polo Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia en data 25 de febreiro de 2016, con número de visado dixital 20160429. En virtude do disposto polo mesmo artigo 143.3 da LSG, o proxecto técnico adquire a condición de documento público, respondendo o seu autor da veracidade e exactitude dos datos consignados no mesmo.*

*Visto o informe técnico favorable, entendemos que o proxecto técnico cumpre coa normativa de aplicación e resulta axeitado para documentar a intervención, da que se erixirá coma o marco ao que se debe axustar a mesma.*

**Segundo.** *O solo obxecto de actuación califícase polo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Padrón (en adiante PXOM) coma solo Urbano residencial en núcleo antigo (URNA), que conforme o réxime transitorio establecido pola LOUG para os municipios con planeamento non adaptado ten a consideración de solo urbano consolidado.*

*Conforme o informe técnico municipal, non existe impedimento para unha actuación coma a solicitada, tendo en conta os usos admisibles e as condicións urbanísticas de aplicación, tanto as dispostas pola ordenanza coma pola propia LOUG.*

**Terceiro.** *O solo obxecto da intervención está situado, coma se ten referido, dentro do entorno dun Ben de Interese Cultural, coma se refire no informe técnico municipal, coa consideración de paraxe pintoresca, composto polo cemiterio de Adina, a Colexiata de Iria Flavia, a casa natal de Rosalía de Castro e o Xardín Botánico da Vila. Isto conleva a necesidade de contar con autorización da Comisión territorial do Patrimonio Histórico Galego da Coruña. O informe previo terá carácter vinculante.*

*No presente caso, cóntase coa preceptiva autorización a medio de resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 17 de xuño de 2016, favorable ás obras solicitadas coa presentación dun proxecto de control arqueolóxico. Dado que este proxecto foi así mesmo presentado e autorizado expresamente pola Consellería de Cultura, entendemos que non existe impedimento desta banda para o outorgamento da licenza solicitada.*

**Cuarto.** *Non son necesarias máis autorizacións sectoriais para a licenza solicitada, de acordo co exposto no informe técnico municipal.*

**Quinto.** *O técnico municipal determinou o importe do aval ou garantía a depositar para responder polos posibles danos que se ocasionen a servizos públicos e o firme obxecto da intervención. Neste senso debemos incidir en que sería necesaria unha intervención integral no ámbito do casco histórico que dotase ao mesmo das canalizacións necesarias para a expansión dos servizos urbanísticos. Con isto nos referimos a que as novas necesidades xurdidas do abastecemento dos inmobles con conexión á rede de gas natural, circunstancia que se ven dando dende fai tempo, implica que con maior frecuencia, incluso varias veces nun mesmo ano, sexa necesaria a execución de gabias ou canalizacións que, aínda sendo de escasa entidade algunhas delas que non todas, supoñen un elevado deterioro nun pavimento composto de enlousado de pedra cun alto valor arquitectónico, tipolóxico e artístico de difícil reposición.*

*Neste senso, veñense dando con frecuencia problemas derivados da execución deste tipo de obras, relacionados coa correcta reposición dos paramentos afectados. Isto se debe á esencial dificultade que presenta a reposición dunha das lousas de granito perfiladas e adaptadas ao oco en cuestión se durante a intervención, sexa por unha incorrecta metodoloxía de traballo ao proceder a abrir a gabia fracturando as lousas, que posteriormente foron repostas con outro tipo de lousa aserrada e non pulida que provoca unha grave distorsión visual e funcional do pavimento e deteriora o conxunto histórico.*

*Entendemos polo tanto que procedería, con independencia deste expediente concreto, requirir á empresa subministradora para que plantexe un plan de necesidades para o casco histórico que dote ao mesmo dun entramado axeitado que supoña que unha única intervención permita que as posteriores conexións se solventen mediante acometidas de sinxela factura e incidencia mínima. Nembargantes, o certo é que as licenzas urbanísticas constitúen un acto administrativo reglado, polo que se as obras son compatibles urbanisticamente o seu outorgamento é obrigatorio para o órgano competente.*

*Por outra banda entendemos que unha licenza deste tipo esixe un maior control sobre a súa execución, que en todo caso conta co aval determinado polo técnico que só poderá ser devolto no caso dunha correcta execución e que en caso contrario será utilizado para a execución subsidiaria polo Concello, sen prexuízo de incrementar a súa cantidade en caso de que se demostre insuficiente para cubrir o custo da intervención."*

**Segundo.** O órgano competente para o outorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

#### **PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Outorgar a GAS GALICIA SDG, S.A. Licenza municipal de obras para ampliación de rede de distribución de gas natural e acometida directa na rúa real nº 20, Expediente 210/2015/LU, conforme o "Proyecto de ampliación de red de Gas Natural en el Municipio de Padrón (A Coruña) Calle Real 20 (GDE41015120005), redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. José Luis Sousa López e visado dixitalmente polo Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia en data 25 de febreiro de 2016, con número de visado dixital 20160429.

- a) **O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.**
- b) **Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.**

**Segundo.** En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO RESIDENCIAL DOS BARRIOS ORIXINARIOS DA VILA (URBO), solo urbano consolidado conforme o réxime transitorio da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: Conservación e mantemento de paramentos interiores e cuberta de inmovible residencial.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 6.515,00 euros. (sen IVE)
- e) Situación e emprazamento das obras: rúa Sar nº 38, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: D. Celestino Ares Pérez
- g) Técnico autor do proxecto e director das obras: non procede.
- h) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende a data de notificación do acto administrativo que outorgue a licenza. No



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

tocante á caducidade das licenzas, estarásese ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Quinto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Sexto.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 6 de setembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

**5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE REPARACIÓN DE TELLADO E COLOCACIÓN DE PORTA DE ENTRADA EN LOCAL SOCIAL SITO NO LUGAR DE CAMPO DA RABADENLA, SAN PEDRO DE CARCACÍA, FORMULADA POR DONA CARMEN CORDAL GARCÍA, EN REPRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "A SOCIEDADE". EXPEDIENTE 130/2016/CP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 4 de outubro de 2016:

## <<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

**Primeiro.** En data 27 de xullo de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6696, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de reparación de tellado e colocación de porta de entrada en local social sito no lugar de Campo da Rabadenla, S. Pedro de Carcacía, con referencia catastral 3034207NH3333S0001YX, formulada por D<sup>a</sup>. Carmen Cordal García en representación da asociación de veciños "A Sociedade". Achégase coa comunicación previa acta constitucional de xunta directiva da asociación, tarxeta de identificación fiscal da mesma, memoria descritiva das obras, orzamento da intervención e fotografías do inmovible.

**Segundo.** En data 11 de agosto de 2016 o arquitecto técnico municipal informa desfavorablemente as obras solicitadas, requirindo a emenda de certas deficiencias detectadas na documentación presentada.

**Terceiro.** En data 12 de agosto de 2016 remítese requirimento ao interesado das emendas referidas no informe técnico municipal.

**Cuarto.** En data 8 de setembro de 2016 achégase nova memoria técnica asinada por técnico competente.

**Quinto.** En data 28 de setembro de 2016 achégase orzamento actualizado.

**Sexto.** En data 30 de setembro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

**Sétimo.** En data 30 de setembro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

## FUNDAMENTOS DE DEREITO.

**Primeiro.** A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de reparación de tellado e colocación de porta de entrada en local social sito no lugar de Campo da Rabadenla, S. Pedro de Carcacia, con referencia catastral 3034207NH3333S0001YX. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituindo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

*Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.*

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

**Cuarto.** O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible: achegase memoria técnica da intervención redactada por técnico competente.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.
- Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Vista a conformidade municipal, non resulta necesaria a aportación doutras autorizacións sectoriais.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tf: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

– Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitir as medidas de conxestión para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL (NN), conforme o PXOM do Concello de Padrón, ao que se lle aplica o disposto para o solo de núcleo rural no planeamento respectivo segundo o réxime transitorio disposto na mesma para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

**Quinto.** De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

**Sexto.** A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitir un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 71.4 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), que determina:

*"A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable ou comunicación previa,*

*determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civiles ou administrativas a que houbera lugar.*

*Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un periodo de tempo determinado, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."*

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

**Sétimo.** Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

**Oitavo.** Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

#### **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**


**Primeiro.** Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 12 de xullo de 2016, asinada por D<sup>a</sup>. Carmen Cordal García en representación da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "A SOCIEDADE", para obras de reparación de tellado e colocación de porta de entrada en local social sito no lugar de Campo da Rabadenla, S. Pedro de Carcacia, con referencia catastral 3034207NH3333S0001YX., expediente 130/2016/CP conforme a documentación anexa á mesma.

**Segundo.** A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

**Terceiro.** Apercíbese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a existencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

**Cuarto.** Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resguardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

**Quinto.** As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Alcalde. Propón á Xunta de Goberno Local que o asunto quede sobre a mesa para os efectos de revisar o tipo de obras ás que se refire a comunicación previa.

Non habendo máis intervencións por parte da presidencia sométese a votación a proposta, formulada ao abeiro do previsto no artigo 92 do ROF, de que o asunto quede sobre a mesa, sendo aprobada por unanimidade das e dos presentes.

**6.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE PINTADO DE REVESTIMENTO DE FACHADA POSTERIOR DE EDIFICIO RESIDENCIAL SITO NA TRAVESÍA CAMPO DA FEIRA Nº 3, FORMULADA POLA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO INMOBLE. EXPEDIENTE 136/2016/CP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 4 de outubro de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

**Primeiro.** En data 4 de agosto de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6931, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de revestimento de fachada traseira de edificio de vivendas sito na travesía Campo da Feira nº 3, con referencia catastral 7914308NH2371N0007RD, formulada por D. José Manuel López Álvarez en representación da Comunidade de Propietarios do inmovible. Achégase coa comunicación previa orzamento da intervención, datos catastrais e fotografías do inmovible.

**Segundo.** En data 18 de agosto de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite disconformidade coa comunicación previa presentada.

**Terceiro.** En data 22 de agosto de 2016 emítese requirimento de emenda da solicitude.

**Cuarto.** En data 6 de setembro de 2016 o solicitante achega documentación acreditativa da representación da comunidade de propietarios e memoria técnica da actuación redactada e asinada pola arquitecta técnica D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Tubío Costoya.

**Quinto.** En data 30 de setembro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

**Sexto.** En mesma data o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de revestimento de fachada traseira de edificio de vivendas sito na travesía Campo da Feira nº 3, con referencia catastral 7914308NH2371N0007RD. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, sustituíndo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

*Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.*

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto





# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

**Cuarto.** O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible: Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal. Descrita así mesma na memoria técnica da actuación redactada e asinada pola arquitecta técnica D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Tubío Costoya. Trátase do revestimento en aluminio da fachada posterior dun edificio residencial.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.
- Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Vista a conformidade municipal, non resulta necesaria a aportación doutras autorizacións sectoriais.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.
- Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adotar as medidas de conxestión para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE EDIFICACIÓN ENTRE MEDIANEIRAS (URME), conforme o PXOM do Concello de Padrón, ao que se lle aplica o disposto para o solo urbano consolidado na Lei do Solo de Galicia segundo o réxime transitorio disposto na mesma para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, procedendo a toma de coñecemento da intervención, que deberá axustarse escrupulosamente ao solicitado, xa que o declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu axuste e cumprimento da normativa urbanística, o e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

**Quinto.** De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título

hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

**Sexto.** A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitir un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 71.4 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), que determina:

*“A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.*

*Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un periodo de tempo determinado, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.”*

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

**Sétimo.** Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

**Oitavo.** Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e

